| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 17/74 |

edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, a favor da empresa OHL SERVICIOS INGESAN S.A.
• O día 18 de maio de 2026, notifícase o acordo aos licitadores e publícase anuncio de adxudicación na plataforma de contratación do sector público.
• O día 02 de xuño de 2026, a empresa LIMCAMAR S.L. interpón recurso especial en materia de contratación nº2/2026, contra o Acordo da Xunta de Goberno do 15 de maio de 2026, no que sostén, en síntese.
• O día 08 de xuño de 2026, a empresa NORTEX OUTSOURCING GLOBAL S.L. interpón recurso especial en materia de contratación nº3/2026, contra o Acordo da Xunta de Goberno do 15 de maio de 2016.

Considerando o anterior e visto o contido do recurso entendemos procedente informar:

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública
- Lei de contratos do sector Público 9/2017 pola que se traspoñen as directivas comunitarias en materia de contratación pública.
- Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

CONSIDERACIÓNS

A competencia para emisión do informe, corresponde neste caso a Xunta de goberno que actúa como órgano de contratación na aprobación do expediente.
Asimesmo, o presente se someterá ó conforme da secretaria xeral a tenor do disposto na disposición Adicional 3ª da LCSP e do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

A) REQUISITOS DE ADMISIÓN DO RECURSO
Consta a lexitimación das recorrentes a teor do disposto no art 48 da LCSP, tendo en conta que ambas concorreron á licitación, quedando clasificadas a empresa NORTEX OUTSOURCING GLOBAL S.L. en terceiro lugar e a empresa LIMCAMAR S.L. en quinto lugar.
O recurso interponse dentro do prazo establecido a tales efectos, toda vez que a publicación e a notificación do acordo que se pretende impugnar son do día 18 de maio de 2026 e o recurso 2/2026 interponse o 02 de xuño, interpoñéndose o 3/2026 o 08 de xuño de 2026.
As recorrentes interpoñen recurso especial en materia de contratación (Recurso 2/2026 e 3/2026), contra a adxudicación do lote 1 do contrato de servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo a favor da empresa OHL SERVIZOS INGESAN S.A. adoptado por acordo da Xunta de Goberno do 15 de maio de 2026.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 18/74 |

Ambos recursos aluden a unha cuestión semellante, e indudablemente existe entre eles unha conexión que aconsella a elaboración dun informe único e posterior resolución conxunta.
A empresa LIMCAMAR no recurso interposto sostén, en síntese, que o órgano de contratación debeu acordar a exclusión das empresas OHL SERVICIOS INGESAN S.A., ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U. e LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.L., por canto considera que as ofertas presentadas por estas licitadoras se teñen realizado en fraude de lei por ofertar prezos cercanos ao 0 euros para a realización de horas para as limpezas extraordinarias, coa intención de desvirtuar o procedemento de licitación.
No segundo recurso a empresa NORTEX OUTSOURCING GLOBAL S.L. interesa a exclusión das mesmas propostas que no primeiro recurso, engadindo a proposta presentada pola empresa LIMCAMAR S.L. por considerar ao igual que a primeira recorrente que se teñen realizado en fraude de lei por ofertar prezos que se sitúan por debaixo do custe mínimo da hora, conforme ao convenio colectivo aplicable e á normativa laboral mínima para as realización de horas para as limpezas extraordinarias, coa intención de desvirtuar a fórmula de valoración prevista no prego e alterar a ordenación económicamente razonable das ofertas.

B) CUESTIÓNS PREVIAS
En determinados contratos de servizos, especialmente intensivos en man de obra, como é o caso da limpeza, resulta habitual a incorporación de criterios cualitativos, que inciden directamente sobre a calidade da prestación. Entre estos criterios destaca o denominado criterio de bolsa de horas extraordinarias, ou pack de horas de libre disposición destinadas a reforzar o servizo en situación de especial demanda, cando concorran circunstancias excepcionais que requiren unha maior presencia de persoal, ou cando sexa preciso complementar a execución do contrato
A admisibilidade deste tipo de criterios - que inciden directamente sobre a calidade da prestación- foi reiteradamente recoñecida tanto polos órganos consultivos como polos tribunais administrativos especializados en materia de contratación pública. Nesta liña atopamos múltiples resolucións que manteñen, de forma constante, que a introducción de criterios de adxudicación baseados na oferta de horas de traballo gratuitas non vulnera o principio de onerosidade que caracteriza a contratos públicos (por todas Resolución 159/2016, 442/2016, 934/2018, 1042/2018, e 1172/2020).
Particularmente relevante resulta a Resolución 442/2016 do TACRC, na que se examina expresamente a conformidade a dereito dun criterio de adxudicación consistente na oferta de horas de limpeza gratuitas. Nesta resolución o Tribunal rexeita que a valoración independente deste tipo de melloras implique unha quebra do carácter oneroso do contrato, ao considerar que a onerosidade contractual radica na existencia dunha contraprestación económica certa a cambio da prestación obxecto do contrato, deste xeito, a oferta voluntaria de determinadas horas adicionais



| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 19/74 |

sen contraprestación específica non desnaturaliza o equilibrio económico do contrato nin transforma a súa natureza xurídica.
Da doutrina exposta cabe concluír que a utilización de criterios de adxudicación baseados na oferta de bolsas de horas adicionais constitúe unha práctica plenamente admitida no noso ordeamento xurídico, sempre que ditas melloras se atopen vinculadas ao obxecto do contrato, respecten os principios de igualdade de trato e proporcionalidade e permitan unha valoración obxectiva e transparente. Asimismo a mera circunstancia de que tales horas sexan ofrecidas sen custo adicional para a Administración non comporta, por si mesma, vulneración algunha do principio de onerosidade contractual.

C) FUNDAMENTOS
A primeira recorrente, traendo a colación a Resolución do Tribunal Central de Recursos Contractuais 1430/2024, recoñece que as ofertas a custe cero son admisibles e se axustan a dereito, ademáis de cando os pregos o permitan, cando o obxecto do contrato esté constituído por unha única prestación, dado que os custes dos servizos ou suministros ofertados de forma gratuíta ou case gratuita poden considerarse incluidos no prezo global do contrato, incorrendo en fraude de ley só cando o obxecto do contrato se compoña de prestación diferentes con sustantividade propia, entendendo o Tribunal Central na mencionada resolución (entre outras) que se compón de prestación con sustantividade propia cando tales prestación requiren de modo específico e exclusivo a organización de medios materiais, humanos ou ambos para poder ser levada a efecto, esto é, cando requiren unha ordenación autónoma de medios que conlevan custes específicamente atribuibles a tales prestación. A segunda recorrente tampouco nega a posibilidade de admisión das propostas se o contrato mantén a onerosidade global, centrando o corpo do seu recurso no efecto distorsionador que ditas propostas teñen sobre o resultado final.
Pois ben, no presente caso debemos acudir en primeiro lugar aos pregos reitores da contratación, e a diferencia do que sostén a primeira recorrente, non pode considerarse que o prego reitor da licitación establece claramente a separación das prestación, así como dos seus custes e valoración simplemente polo feito de establecer un prezo diferente para as horas extraordinarias e valoralas de maneira independente.
O feito de que os licitadores deban presentar un prezo para cada un dos conceptos propostos, non pode supoñer que se estableza un valor mínimo para cada concepto, máis ben o contrario, posto que o prego recolle claramente, no seu apartado T, criterios de adxudicación, que aquelas proposicións que oferten 0 para o criterio oferta económica serán excluídas, circunstancia que non recolle para o criterio prezo das horas extraordinarias; así o cadro resumo no seu apartado T, recolle o seguinte: (...)

| Criterios de adxudicación avaliables mediante fórmulas matemáticas. FASE 2 | PUNTUACIÓN MÁXIMA |
|---|---|
| 1. Oferta económica<br>Tendo en conta que nesta contratación o custo económico principal o constitúe a retribución de persoal empresagado para a súa execución, sendo este concepto básico desde o punto de vista económico do contrato. | Valorarase de 0 ata 30 puntos |



| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 20/74 |

| | |
|---|---|
| As ofertas inferiores aos importes que se reproducen acto seguido, obterán 0 puntos: Lote 1: 887.270,26 € + IVE, Lote 2: 198.557,65 € + IVE<br>O resto de ofertas serán avaliadas como segue: o licitador que oferte o menor prezo obterá a máxima puntuación. O resto puntuarase proporcionalmente.<br>Aquelas proposicións que oferten 0, superen o orzamento máximo de licitación ou estén en branco serán excluídas. Utilizarase para a valoración a seguinte fórmula matemática:<br>Puntuación = 30 *(Pb/ Pi)<br>Onde Pb = Oferta máis baixa de todas as presentadas, sempre e cando superen o importe mínimo (Lote 1: 887.270,26 € + IVE, Lote 2: 198.557,65 € + IVE)<br>Pi: Oferta "i"que se valora, sempre que supere o importe mínimo. (Lote 1: 887.270,26 € + IVE, Lote 2: 198.557,65 € + IVE) | |
| 2. Prezo hora para as limpezas extraordinarias<br>A estimación de número de horas necesarias para as limpezas extraordinarias, baseada nos datos de anos precedentes estímase que é sobre 3000 horas/ano que serán ofertadas a un prezo máximo por hora de 15 Euros mais IVE. Estímanse 2.000 horas para o lote 1 e 1.000 horas para o lote 2.<br>Estas horas serán realizadas previa solicitude do Responsable do Contrato<br>Puntuación = 10 *(Pb/ Pi)<br>Onde Pb = Oferta máis baixa de todas as presentadas.<br>Pi: Oferta "i"que se valora.<br>A empresa que non oferte neste apartado enténdese que as realizará ao prezo máximo de licitación. 15 euros + IVE e obterá 0 puntos neste apartado. As empresas que superen o orzamento máximo de licitación neste punto serán excluídas. | Valorarase de 0 ata 10 puntos |

(…)"

Tampouco se pode compartir a interpretación que fai a primeira recorrente de que a valoración de cada prezo de forma independente implique a separación das prestacións, posto que como xa se referiu con anterioridade - neste tipo de contratos intensivos en man de obra-resulta axustado a dereito a inclusión de criterios de calidade como a bolsa de horas extraordinarias ou de libre disposición como mellora, incluso con carácter gratuito, mellora que en caso de incluirse debe ser valorada de forma independente.

Sentado que o PCAP non prohíbe as ofertas a custe cero para a bolsa de horas, nin as penaliza sen puntuación ou coa exclusión; como xa se ten dito, o feito de que existan prezos diferentes e criterios de adxudicación que os valoren por separado non conleva per sé que as ofertas sexan fraudulentas, posto que a existencia de fraude de lei esixe como presuposto previo a pluralidade de prestacións.

A primeira recorrente basándose en suposicións arbitrarias, atribúe ao órgano de contratación a facultade de dotar de sustantividade propia á prestación obxecto do contrato, recoñecendo simultáneamente no corpo do seu recurso ao reproducir literalmente parte da Resolución 1430/2024 do Tribunal Central de Recursos Contractuais, que o obxecto do contrato se compón de prestación con sustantividade propia cando tales prestación requiren de modo específico e exclusivo a organización de medios materiais, humanos ou ambos para poder se levada a efecto, esto é, cando requiren unha ordenación autónoma de medios que conlevan custes específicamente atribuibles a tales prestacións.

Recóllese no PCAP, que a bolsa de horas para o lote 1, se corresponde coa realización dun máximo de 2000 horas, a demanda da Deputación Provincial, horas que fácilmente a adxudicataria pode realizar con medios persoais e materiais da propia empresa e cos medios materiais cos que conta, sen que conleve ordenación autónoma




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 21/74 |

de medios e moito menos exclusividade. (Cómpre sinalar que nun contrato no que se esixe á empresa adxudicataria a realización efectiva de 1169 horas semanais, ás que hai que engadir as horas precisas para dar cobertura ás baixas e vacacións, unha mellora de 2.000 horas anuais difícilmente supón unha organización autónoma e exclusiva de medios)

A maior abundamento apoia a afirmación de que o órgano de contratación considera que se trata dunha única prestación o feito de que non inclúa a bolsa de horas como parte integrante do presuposto base de licitación que figura no apartado "H" do prego, senón como opción eventual, á hora de calcular o valor estimado do contrato; resultando que de tratarse de dúas prestacións con sustantividade propia deberían incluirse no orzamento base de licitación ambas.

"H.ORZAMENTO: O orzamento base de licitación deste contrato ascende a 1.357.670,26 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 285.110,76 €, o que fai un total de 1.642.781,02 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

Lote 1: 1.109.333,66 €, aos que se engadirán 232.960,07 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 1.342.293,73 €.

Lote 2: 248.336,60 €, aos que se engadirán 52.150,69 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 300.487,29 €., de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

OPCIÓN EVENTUAL: Horas extraordinarias: 45.000 euros, aos que se engadirán 9.450,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a 54.450,00 euros. Estímanse 2.000 horas para o lote 1 e 1.000 horas para o lote 2"

Na mesma liña o feito de que non se considere o prezo da bolsa de horas á hora de calcular se unha oferta se pode considerar anormalmente baixa ou desproporcionada ao incluír na cláusula décimo terceira, apartado 1, só o criterio prezo, é un factor a ter en conta á hora de considerar que non se trata dunha prestación con sustantividade propia.

"13.1. Parámetros obxectivos para a identificación de ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo.

En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao criterio prezo) que estea dentro dos supostos seguintes: (...)"

Por outra banda, ambas recorrentes confunden a oferta económicamente máis bantaxosa coa oferta máis barata:

- Afirma a primeira recorrente que a presentación de propostas cercanas a 0 posibilita que: " las proposiciones de las empresas que han hecho las ofertas más caras en cuanto a la prestación principal del contrato se refire, esto es, del servicio ordinario de limpieza (que en todo caso deberá prestarse), resulten situadas en los primeros puestos en la clasificación final de las ofertas y, por tanto, una de ellas adjudicataria, como ocurre por ejemplo, con las ofertas de las mercantiles OHL SERVICIOS INGESAN S.A. (1.102.566,72 €) y ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U. (1.085.926,72 €), situadas en primer y segundo lugar, respectivamente, frente a la oferta presentada por LIMCAMAR (1.037.670,71 €) que, a pesar de ser un 5,88% y un 4,45% resepectivamente, más económica que las anteriores, queda situada en quinta posición"·



| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 22/74 |

- A segunda recorrente recolle no corpo do recurso que ofertas máis caras na prestación principal, obteñen máis puntuacións que outras por ter ofertado unha prestación complementaria a un prezo incompatible cos custes laborais mínimos.
Respecto destas afirmacións, a propia lei de contratos, no seu artigo 145.3.g) establece a obrigatoriedade para o órgano de contratación de avaliar a oferta no seu conxunto, ao recoller que para os contratos de servizos intensivos en man de obra, o prezo non poderá ser o único factor determinante da adxudicación, engadindo o apartado 4 do mesmo artigo que os órganos de contratación velarán porque se establezan criterios de adxudicación que permitan obter servizos de gran calidade que respondan o mellor posible as súas necesidades. A LCSP ao longo do seu articulado, en ningún caso se refire á proposta máis económica, senón que fai referencia en innumerables ocasións á oferta economicamente máis vantaxosa.
O órgano de contratación, atendendo a este mandato, co obxecto de primar a calidade sobre o prezo das propostas, recolle no apartado T do cadro resumo a puntuación que o prego otorga a cada criterio, resultando que ao criterio prezo só lle atribúe 30 puntos dos 100 posibles, valorando outros factores como a dispoñibilidade da empresa coa bolsa de horas, ou o plan de formación. Reforza o argumento de que o órgano de contratación prima a calidade sobre o prezo, o feito de que non se conforma con recoller na cláusula decimo terceira os umbrais para que unha oferta se considere anormalmente baixa ou desproporcionada, senón que penaliza as propostas que superen unha porcentaxe de baixa do 20% sobre o prezo otorgándolles 0 puntos.

D) XURISPRUDENCIA ESPECÍFICA
Visto que carece de fundamento a afirmación de que a sustantividade da prestación dependa dos criterios de adxudicación que elixa o órgano de contratación ou da existencia de un ou varios prezos unitarios, cómpre citar a Resolución 470/2021 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, que desestima un recurso interposto pola empresa OHL SERVICIOS INGESAN S.A. contra o servizo de limpeza en diversas dependencias da Universidade de Valencia por considerar a recorrente que varias das propostas presentadas incorren en fraude de ley por rondar o importe de 0,01 euros para o caso dos servizos extraordinarios.
Esta Resolución é significativa por ser idéntico o obxecto, posto que a prestación que constitúe o obxecto contractual, ao igual que no caso que nos ocupa, é a limpeza de diversos edificios e dependencias; a maiores establécese como criterio de valoración independente as horas extraordinarias sin establecer nos pregos un prezo mínimo para as mesmas, e as pretensións da recorrente tamén son coincidentes, posto que interesa a exclusión de ofertas por idéntica causa. Pos ben o Tribunal Central de Recursos Contractuais desestima o recurso, resolución desestimatoria que foi recorrida ante o Tribunal Superior de Xuxticia de Valencia, que tamén ditou sentencia desestimatoria (Roj: STSJ CV 316/2023 ECLI: ES: TSJCV:2023:316)




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 23/74 |

A informante considera que se non se pon en tela de xuízo que as bolsas de horas gratuitas constitúen un criterio axustado a dereito para determinado tipo de contratos como os de limpeza, con menor motivo o órgano de contratación debe establecer a posteriori un umbral a partir do cal considera que os licitadores coa presentación das súas propostas persiguen un resultado espurio; cousa distinta sería se no prego se recollese que non se admiten prezos inferiores a 0 euros para o segundo criterio ou prezos inferiores aos custes salarias establecidos polo convenio colectivo en vigor.
Tampouco parece razoable esixirlle a un licitador que coñeza a priori as intencións doutros licitadores e de antemán supoña que oferta debe presentar para un criterio para manter a orde en que queden clasificadas as propostas noutro criterio.

E) SUSPENSIÓN
Respecto da suspensión, manténse a que opera ope legis ata que se reciba pronunciamento do Tribunal de Recursos Contractuais.

F) CONCLUSIÓNS
Trátase dunha prestación única na que non existía tope mínimo algún no precio/hora extraordinaria a ofertar, polo que se considera que as propostas presentadas polas empresas OHL SERVICIOS INGESAN S.A., ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U. e LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.L., e LIMCAMAR S.L. non están incursas en fraude de lei por axustarse ao contido dos pregos e ser conformes coa normativa en materia de contratación.

Por tanto, proponse a Xunta de Goberno a asunción do presente se así o estima oportuno, como informe do órgano de contratación concluíndo:

**1º.-** Que procede desestimar os recursos 2/2026 e 3/2026 na súa totalidade, polos fundamentos que se expresan no corpo deste informe.

**2º.-** Dar traslado do presente como informe conxunto do órgano de contratación dos recursos 2/2026 e 3/2026, reclamados polo TARCLU , xunto co resto do expediente".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

***1º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: BURELA.- Rehabilitación de firme LU-P-1510 "San Cibrao (LU-P-1501) – A Marosa – Burela" p.k. 6+160 a 9+301 e LU-P-1502 "Burela – Vilaestrofe – Ferreira (LU-163)" p.k. 0+000 a 1+895.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 24/74 |

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: BURELA.- Rehabilitación de firme LU-P-1510 "San Cibrao (LU-P-1501) – A Marosa – Burela" p.k. 6+160 a 9+301 e LU-P-1502 "Burela – Vilaestrofe – Ferreira (LU-163)" p.k. 0+000 a 1+895, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, redactado por José Fernández Parajes con CSV IV7RHXZLNNG44VHYDTWRB4PWCU.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7RGOLMABZL5KZZARIHIJA6ME.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7RGOLNZYUIXK7N647FIFRHDY.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7RGOLNDUZ7QWF3BUVRILSEOM.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7RGMD7YENOZ7OP4MMCLZCBKM.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV76U6CCHAEKKWUYYQPRN3RVMY.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV76U6C2DQZZ3P7DCIYFGZHX6U.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.**- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: BURELA.- Rehabilitación de firme LU-P-1510 "San Cibrao (LU-P-1501) – A Marosa – Burela" p.k. 6+160 a 9+301 e LU-P-1502 "Burela – Vilaestrofe – Ferreira (LU-163)" p.k. 0+000 a 1+895, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.**- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.**- Aprobar o gasto, por importe de 290.599,34€, dos cales 50.434,60 € corresponden ao IVE (21%), con cargo á aplicación orzamentaria 4530.619".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 25/74 |

***2º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: RÁBADE.- Rehabilitación de firme LU-P-5101 "Rábade (N-VI) – Friol (LU-232)" p.k. 0+000 a 0+302.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: RÁBADE.- Rehabilitación de firme LU-P-5101 "Rábade (N-VI) – Friol (LU-232)" p.k. 0+000 a 0+302, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV76ULKLF7WLRKB36ZE5OP3OIY[1].
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV76ULHMZZGZISFPSYHRCUCPOA.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV76UH7YF7ZTJG677RN5J3QEEY.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV76UH7ZNQ6TLD54A4V5672UOI.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia de crédito, con CSV: IV76ULA7FJU7TXVTAMIHIQDSGA.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV76VWBSJQO44W422YEDEV7G4Y.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV76VWBTJD5DL2G34VWC4HSF6A.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: RÁBADE.- Rehabilitación de firme LU-P-5101 "Rábade (N-VI) – Friol (LU-232)" p.k. 0+000 a 0+302, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 26/74 |

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 68.000,75€, dos cales 11.801,78€ corresponden ao IVE (21%), con cargo á aplicación orzamentaria 4530.619".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE OBRAS.**

***Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra denominada: TRABADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6101 "Trabadela (LU-P-6104) – Sante – A Ría (N-640)", p.k. 0+000 a 1+300.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 04/06/2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:
"(...)

ANTECEDENTES.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7R4DXPNMN3336TA7UAGNTOEM[1]
2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas con CSV: IV7R4DX5KHV5JBOI4FE4M4IWN4
3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7R4GP7PJ76TBEYZUFH4ACWAI
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7R4KKPDQMZLGEN25MSMDQVKA
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7R4KKNMHVYXPVK5UFXOICUAM
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7R5TIJEEEI5KB3QNGQOMZVJ4
7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 10/04/2026, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7RYTQ2DYVNV3BSUVFBF3ZU4I
8. Publicación, o día 10/04/2026, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).
9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 27/74 |

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 08/05/2026, para apertura da documentación administrativa e oferta económica con CSV: IV7RE27DADUIVZMSDQASJY2CMM, resultando:

TRABADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6101 "Trabadela (LU-P-6104) – Sante – A Ría (N-640)", p.k. 0+000 a 1+300

| | | | |
|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 162.910,30 | | CLASIFICACIÓN: |
| LCITACIÓN SEN IVE | 134.636,61 | | G - 4 - 1 |
| IVE | 28.273,69 | | |
| VALOR ESTIMADO | 148.100,27 € | | |
| PRAZO DE EXECUCION: (MESES) | 4 | MAX 2.692,73 € | S/ LIC SEN IVE |

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | DOC "A" | OBJETIVOS (100) | | | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) (87,50) | AUMENTO PRAZO GARANTÍA 3 ANOS (7,50) | PROGRAMA DIVULGACIÓN (5) | Plantel / Discapacitados |
| 1 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | | 158.837,53 € | NO | 0,00 | 43/0 |
| 2 | DESARROLLOS Y METAS SL | | | 153.670,00 € | NO | 120,00 | 40/0 |
| 3 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | | 159.163,36 € | SI | 0,00 | 116/3 |
| 4 | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL | | | 162.356,41 € | SI | 260,33 | 3/0 |
| 5 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | | 159.478,00 € | SI | 100,00 | 60/1 |

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | OBXECTIVOS (100) | | | | | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO (87,50) | | AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 3 ANOS (7,50) | | PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5) | | |
| | | | OFERTA (INCLUÍDO IVA) | | SI /NO 7,5 /0 | | MAXIMO 2% LIC SEN IVE | 2.692,73 € | |
| | | | | PTOS | SI/NO | PTOS | IMPORTE | PTOS | |
| 1 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | 158.837,53 € | 38,57 | NO | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 38,57 |
| 2 | DESARROLLOS Y METAS SL | | 153.670,00 € | 87,50 | NO | 0,00 | 120,00 | 2,30 | 89,80 |
| 3 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 159.163,36 € | 35,48 | SI | 7,50 | 0,00 | 0,00 | 42,98 |
| 4 | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL | | 162.356,41 € | 5,24 | SI | 7,50 | 260,33 | 5,00 | 17,74 |
| 5 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 159.478,00 € | 32,50 | SI | 7,50 | 100,00 | 1,92 | 41,92 |

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | 158.837,53 € |
| 2 | DESARROLLOS Y METAS SL | | 153.670,00 € |
| 3 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 159.163,36 € |
| 4 | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL | | 162.356,41 € |
| 5 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 159.478,00 € |
| | | | |
| | | | |

| MEDIA |
|---|
| 158.701,06 |

| BAIXA DESPROPORCIONADA |
|---|
| 142.830,95 |

| 10% ARRIBA |
|---|
| 174.571,17 |




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 28/74 |

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:
a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | DESARROLLOS Y METAS SL | | 89,80 |
| 2 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 42,98 |
| 3 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 41,92 |
| 4 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | 38,57 |
| 5 | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL | | 17,74 |

b) Requirir á mercantil DESARROLLOS Y METAS SL, para que, dentro do prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 6.350,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.
11. Resolución da Presidencia de data 15/05/2026, con CSV: IV7RFTDMJRRPVRNPUNEHO7XOAY, relativa á clasificación dos licitadores presentados e admitidos e acordando o requirimento á empresa clasificada en primeiro lugar: DESARROLLOS Y METAS SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.
12. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 18/05/2026, rematando o prazo de presentación o día 01/06/2026.
13. DESARROLLOS Y METAS SL, presentou a documentación requirida o 31/05/2026 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da valoración da documentación establecida no artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula 17 do PCAP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa DESARROLLOS Y METAS SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 29/74 |

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, ACORDA PROPOÑER que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1. Adxudicar á empresa DESARROLLOS Y METAS SL con C.I.F. B-70427505 a contratación da obra denominada TRABADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6101 "Trabadela (LU-P-6104) – Sante – A Ría (N-640)", p.k. 0+000 a 1+300. (2026/CON_02/000025), de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 10/04/2026 nos termos seguintes:
a. Prezo de 153.670,00 €, dos cales 26.670,00€ corresponden ao IVE (21%).
b. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 120,00€ mais IVE.
c. Prazo de execución: 4 meses
O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.
2. Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.
3. Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.
4. Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.
5. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización "de conformidade", proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

**1º.-** Adxudicar á empresa DESARROLLOS Y METAS SL con C.I.F. B-70427505 a contratación da obra denominada TRABADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6101 "Trabadela (LU-P-6104) – Sante – A Ría (N-640)", p.k. 0+000 a 1+300. (2026/CON_02/000025), de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 10/04/2026 nos termos seguintes:
a. Prezo de 153.670,00 €, dos cales 26.670,00€ corresponden ao IVE (21%).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 30/74 |

b. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 120,00€ mais IVE.
c. Prazo de execución: 4 meses
O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

**2º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**3º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

**4º.-** Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**5º.-** Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2025.**

***Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da alcaldía do Concello de Vilalba, solicitando substitución/ modificado de investimentos incluídos no Plan Deputación 2025.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 31/74 |

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de VILALBA no que solicita a substitución e reformado de proxectos de investimentos incluídos no PLAN DEPUTACIÓN 2025, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2024 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN DEPUTACIÓN 2025. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2025.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O PLAN DEPUTACIÓN 2025 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 25/03/2025, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| VILALBA | 315 | ALUMEADO PÚBLICO PRAZA DA CONSTITUCIÓN DE VILALBA | 0,00€ | 13.668,46€ | 13.668,46€ |
| VILALBA | 316 | ACONDICIONAMENTO DA SINALIZACIÓN VIAL PARA MELLORA DO TRÁFICO NAS RÚAS DO CAMPO DE PONTE, CIDADE DE LUGO, DA FEIRA, O CAMPO DA FEIRA, DAS PEDREIRAS, COTARÓN E DO ESTUDANTE | 0.0€ | 15.595,12€ | 15.595,12€ |

4. Por acordo da XG de data 28/11/2025, aprobouse, entre outros a modificación do investimento 315, quedando incluído nos termos seguintes:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| VILALBA | 315 | MELLORA DO ALUMEADO PÚBLICO NA RÚA BASANTA SILVA | 0,00€ | 13.668,38€ | 13.668,38€ |

5. O concello indicado NON achegou os correspondentes anexos III ou IV.
6. A Alcaldía do Concello de VILALBA a través de escrito con RE nº 2026RT012575 de data 03/06/2026 e posterior emenda solicita:
a) A modificación e reformado de proxecto do investimento incluído inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2025, concretamente a substitución dos investimentos nº 315 E 316 aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica “.... novas necesidades do concello ...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| VILALBA | 315 | MELLORA DE ILUMINACIÓN EN RÚAS E PRAZAS CO CASCO URBANO DE VILALBA: RUA FERREIRA, CAL MATO VIZOSO, TRAVESÍA SAN ROQUE, RUA PORTA DA CIMA E CONCEPCION ARENAL E PRAZA SANTA MARÍA, SAN JUAN, SUSO GAYOSO E CORONEL PENA | 0,00€ | 13.608,87€ | 13.608,87€ |
| VILALBA | 316 | RENOVACIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL EN RÚAS DO NÚCLEO DE VILALBA: RUAS MESTRAS AMELIA E SAGRARIO, MURAS, CAMPO DE PUENTE, FOZ, CASTELAO, GALICIA E AVDA CIDADE DE LUGO | 0.0€ | 15.595,12€ | 15.595,12€ |




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 32/74 |

7. A base 14, indica que "Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados, o Concello non puidera contratar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente, poderá solicitar o reformado do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases.
Se o que se produce é o reformado do proxecto do investimento incluído no Plan Deputación 2025, o Concello remitirá o proxecto reformado a esta Deputación, xunto con informe que indique o motivo do reformado, e o financiamento do mesmo. Dito proxecto reformado someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, tomando razón do devandito reformado.
No caso de substitución do investimento, esta será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto, xunto con informe que indique o motivo da substitución e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.
En ambos casos, de supoñer un incremento de orzamento do inicialmente previsto como achega da Deputación, este incremento correrá a cargo do Concello, salvo que se dispoña de remanentes, dentro da mesma finalidade, en cuxo caso poderán ser utilizados para elo, coas limitacións indicadas no apartado de remanentes".
8. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.
O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.
9. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2025, é a Xunta de Goberno.
Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de VILALBA que se sinala, quedando incluído no PLAN DEPUTACIÓN 2025.
E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 33/74 |

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de VILALBA, e en consecuencia, aprobar a modifiación /substitución de investimentos relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2025 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| VILALBA | 315 | MELLORA DE ILUMINACIÓN EN RÚAS E PRAZAS CO CASCO URBANO DE VILALBA: RUA FERREIRA, CAL MATO VIZOSO, TRAVESÍA SAN ROQUE, RUA PORTA DA CIMA E CONCEPCION ARENAL E PRAZA SANTA MARÍA, SAN JUAN, SUSO GAYOSO E CORONEL PENA | 0,00€ | 13.608,87€ | 13.608,87€ |
| VILALBA | 316 | RENOVACIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL EN RÚAS DO NÚCLEO DE VILALBA: RUAS MESTRAS AMELIA E SAGRARIO, MURAS, CAMPO DE PUENTE, FOZ, CASTELAO, GALICIA E AVDA CIDADE DE LUGO | 0.0€ | 15.595,12€ | 15.595,12€ |

**2º.-** Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

**3º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN Á INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN POR INCUMPRIMENTO E REINTEGRO, PARA OS INVESTIMENTO/S INCLUÍDO/S NO "PDECC24" QUE FORON SOMETIDOS Á MEDIDA CAUTELAR DE RETENCIÓN DE PAGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, que se transcribe a continuación:

"ANTECEDENTES:
Primeiro: Nas datas e cos números de RE os Concellos que se indican, renden conta xustificativa para o/s investimento/s: obra/s, servizo/s ou subministración/s relacionado/s no PDECC24:

| | REXISTRO ENTRADA | | INVESTIMENTO | |
|---|---|---|---|---|
| CONCELLO | NÚMERO | DATA | ID | CONCEPTO |
| Cervantes | 2025RT018912<br>2025RT021301 | 14/11/2025<br>23/12/2025 | 64 | Reconstrución de camiño en Noceda, incluído honorarios |
| Lugo | 2025RT019041 | 17/11/2025 | 136 | Abastecemento de auga na parroquia de Pías, fase 2, incluído |



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 34/74 |

DEPUTACIÓN DE LUGO

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | honorarios |
| | 2025RT019037 | 17/11/2025 | 137 | Abastecemento de auga ao núcleo de Cima de Vila, fase 3, incluído honorarios |
| | 2025RT019039 | 17/11/2025 | 138 | Rede de saneamento no núcleo de Saamasas, incluído honorarios |
| Valadouro | 2025RT018479<br>2025RT018645<br>2025RT018753<br>2025RT019223 | 10/11/2025<br>12/11/2025<br>13/11/2025<br>20/11/2025 | 311 | Remodelación da casa consistorial, incluído honorarios |

Segundo: Nas datas indicadas a continuación, a presidencia da Deputación decreta a aprobación da/s dita/s conta/s e ordena a retención cautelar do seu pagamento, condicionándoo a que os Concellos acheguen o/s documento/s pendente/s de entrega.

| CONCELLO | ID | DATA APROBACIÓN | ANTICIPO | IMPORTE A ABOAR | DOCUMENTACIÓN PENDENTE DE ENTREGA |
|---|---|---|---|---|---|
| Cervantes | 64 | 30/12/2025 | 0,00 € | 22.870,26 € | ACTA DE RECEPCIÓN |
| Lugo | 136 | 30/12/2025 | 0,00 € | 73.830,80 € | ACTAS DE RECEPCIÓN DEFINITIVAS |
| | 137 | | 0,00 € | 47.558,60 € | |
| | 138 | | 0,00 € | 53.109,87 € | |
| Valadouro | 311 | 01/12/2025 | 17.597,88 € | 17.597,87 € | DOCUMENTACIÓN ACREDITACIÓN PAGO IRPF 4ºT 2025 |

Terceiro: O Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, notifica os ditos Decretos, dando traslado aos Concellos das resolucións adoptadas como medida cautelar e que consisten en reter o libramento de pago das cantidades a aboar ata que aporten a documentación que está pendente de entrega.

| | REXISTRO SAÍDA | |
|---|---|---|
| CONCELLO | NÚMERO | DATA |
| Cervantes | 2026RPS000463 | 13/01/2026 |
| Lugo | 2026RPS000471 | 13/01/2026 |
| Valadouro | 2026RPS000453 | 13/01/2026 |

Cuarto: Na data actual os Concellos sinalados anteriormente manteñen o incumprimento do acontecemento que constitúe a condición, polo que non procede levantar a medida cautelar de retención de pago das axudas indicadas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1. Tanto a base 15.1 BPDECC24 "Aforros producidos ou baixas", que alude aos aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións, ou derivadas de modificacións ou substitucións de investimentos, como a base 17.2 BPDECC24 "Xustificación programa investimentos", dispoñen que todos os investimentos financiados con cargo ao PDECC24 deben estar xustificados en dous meses a contar dende a súa finalización, con data límite de vencemento o día 15/11/2025, prazo que se computa de acordo co



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 35/74 |

sinalado no artigo 30 LPACAP, é dicir, excluíndo os sábados, os domingos e os declarados festivos.

2. A base: 7 BPDECC24 "Anticipos" establece que: "No caso de que a Deputación tivese aboado o anticipo e o concello non xustificase a totalidade da cantidade ingresada, o Concello xunto coa conta xustificativa, deberá reintegrar na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-0423 o exceso que corresponda, actuando a Deputación nos termos do disposto no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público". A base 17.1 "Xustificación da achega provincial" reitera: "No caso de non executarse e/ou xustificarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada nos termos do disposto no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público". E a base 18 "Renuncia" recalca: "No caso de que a Deputación tivese aboado anticipo, e o Concello renunciase, desistise ou non executase o investimento, actuación, evento ou actividade, dito Concello presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-0423, actuando a Deputación nos termos do disposto no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público".

3. O artigo 51.2.c) da lei 40/2015, LRXSP, indica que son causa de resolución "el incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes. En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes. Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto".

4. O artigo 52 da lei 40/2015, LRXSP, establece que o cumprimento e a resolución dos convenios dará lugar á súa liquidación co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes; de tal modo que si se observa que o importe das actuacións executadas fora inferior aos fondos recibidos, esta parte deberá reintegrar o dito exceso dentro dun prazo establecido, que de ser extemporáneo se incrementará nos xuros de mora que resulten das diposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económico – financeira do sector público.
Non se considera o prazo dun mes indicado neste artigo, xa que logo este período foi declarado contrario ao orden constitucional de competencias nos termos do fundamento xurídico 8.b) da ST 132/2018, de 13 de decembro.




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 36/74 |

5. Será competente para acordar o inicio do procedemento de resolución por incumprimento e reintegro da axuda integrada no PDECC24 o órgano concedente da mesma, que aplicando o previsto na base 15.1 BPDECC24 corresponde á Xunta de Goberno, para a aprobación dos investimentos financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación e por ende ao resto de investimentos incluídos no PDECC24.

CONCLUSIÓN:

Unha vez extinguidas as obrigas e compromisos asumidos no PDECC24 e para evitar que por algunha das partes se produza un enriquecemento inxusto, procede iniciar un proceso liquidatorio das axudas, mediante resolución por incumprimento e reintegro, tendo en conta que dende o Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans os Concellos indicados foron notificados da documentación a emendar e que na data actual non a aportaron, INFÓRMASE FAVORABLEMENTE,

1º. Que se manteña a medida cautelar de retención de pago e se inicie o procedemento administrativo de resolución por incumprimento e o procedemento de reintegro polas cuantías e para as axudas indicadas, debendo observarse na tramitación do procedemento as formalidades e garantías contidas na lexislación vixente.

| CONCELLO | ID | PDMTO RESOLUCIÓN | PDMTO REINTEGRO |
|---|---|---|---|
| Cervantes | 64 | 22.870,26 € | 0,00 € |
| Lugo | 136 | 73.830,80 € | 0,00 € |
| | 137 | 47.558,60 € | |
| | 138 | 53.109,87 € | |
| Valadouro | 311 | 17.597,87 € | 17.597,88 € |

2º. Que se notifique aos Concellos implicados, de conformidade co establecido no artigo 82 da lei 39/2015, LPAC, a apertura do trámite de audiencia para garantir o seu dereito a presentar alegacións e/ou aportar documentos pertinentes no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste Acordo, que segundo o artigo 92 do regulamento da lei xeral de subvencións, RLXS, serán tidos en conta para evitar ou minorar o reintegro, valorándose antes da resolución final do procedemento

| CONCELLO | ID | DOCUMENTACIÓN PENDENTE DE ENTREGA |
|---|---|---|
| Cervantes | 64 | ACTA DE RECEPCIÓN |
| Lugo | 136 | ACTAS DE RECEPCIÓN DEFINITIVAS |
| | 137 | |
| | 138 | |
| Valadouro | 311 | DOCUMENTACIÓN E ACREDITACIÓN PAGO IRPF 4ºT 2025 |




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 37/74 |

3º. Que se notifique ao Concello de Valadouro que habendo recibido anticipo por importe de 17.597,88 € sen que conste a execución e/ou xustificación da totalidade desta cantidade, polo que debe reintegrala na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423, indicando como concepto no documento bancario "REINTEGRO ANTICIPO Nº 311 PDECC24 EXP: 2025/PES_03/021794".

É canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

Finalizada a tramitación deste expediente electrónico, dáselle traslado e proponse que pola xunta de goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Manter a medida cautelar de retención de pago e iniciar o procedemento administrativo de resolución por incumprimento e o procedemento de reintegro polas cuantías e para as axudas indicadas, debendo observarse na tramitación do procedemento as formalidades e garantías contidas na lexislación vixente.

| CONCELLO | ID | PDMTO RESOLUCIÓN | PDMTO REINTEGRO |
|---|---|---|---|
| Cervantes | 64 | 22.870,26 € | 0,00 € |
| Lugo | 136 | 73.830,80 € | 0,00 € |
| | 137 | 47.558,60 € | |
| | 138 | 53.109,87 € | |
| Valadouro | 311 | 17.597,87 € | 17.597,88 € |

**2º.-** Notificar aos Concellos implicados, de conformidade co establecido no artigo 82 da lei 39/2015, LPAC, a apertura do trámite de audiencia para garantir o seu dereito a presentar alegacións e/ou aportar documentos pertinentes no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste Acordo, que segundo o artigo 92 do regulamento da lei xeral de subvencións, RLXS, serán tidos en conta para evitar ou minorar o reintegro, valorándose antes da resolución final do procedemento

| CONCELLO | ID | DOCUMENTACIÓN PENDENTE DE ENTREGA |
|---|---|---|
| Cervantes | 64 | ACTA DE RECEPCIÓN |
| Lugo | 136 | ACTAS DE RECEPCIÓN DEFINITIVAS |
| | 137 | |
| | 138 | |
| Valadouro | 311 | DOCUMENTACIÓN E ACREDITACIÓN PAGO IRPF 4ºT 2025 |

**3º.-** Notificar ao Concello de Valadouro que habendo recibido anticipo por importe de 17.597,88 € sen que conste a execución e/ou xustificación da totalidade desta cantidade, polo que debe reintegrala na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423, indicando como concepto no documento bancario "REINTEGRO ANTICIPO Nº 311 PDECC24 EXP: 2025/PES_03/021794"".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 38/74 |

**10.- PROPOSTA RELATIVA Á TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO NÁUTICO PONTE DO SIL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Tendo en conta a finalización da ocupación privativa do dominio público provincial da área recreativa denominada Náutico Ponte do Sil por cumprimento do prazo do outorgamento da concesión demanial establecido polo acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 17.06.22, así como das sucesivas prorrogas contidas nos acordos das sesións ordinarias da Xunta de Goberno celebradas o 05.04.24 e 27.06.25.

Tendo en conta que con data do día 05.07.26 se cumpre o prazo máximo de catro anos de duración desta concesion demanial ao efecto da tramitación dun novo procedemento para o aproveitamento e explotación deste inmoble provincial de natureza xurídica de ben demanial e atendendo ao contido incorporado na Certificación de inscrición no Libro Inventario de Bens e dereitos provinciais, a Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio, informa con data do 10.06.26 baixo o CSV IV76VULTHRW7JGGSC4Y56BJEDY sobre a lexislación aplicable e determinando que o presente procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso en tanto esta Administración non pretende tanto obter unha renda económica como a finalidade de promoción e fomento da cultura galega e o turismo provincial mediante o uso e explotación do inmoble para cuxo fin redáctase o prego reitor coas condicións xerais que servirán de base para o outorgamento da citada concesión demanial, estimando todo elo adecuado á lexislación vixente, polo que pode someterse á aprobación da Xunta de Goberno.

O prego de condicións que han de rexer o concurso para a concesión demanial deste inmoble provincial de dominio publico forma parte do expediente asinado con data 10.06.26 baixo o CSV IV76VWTYBVJZWTRLYJVEIM3XJY.

A Intervención Provincial con data do 11.06.26 baixo o CSV IV76WXYMHV67LOF76FVGO5TO6Y emite informe no que conclúe que non existen consideracións no ámbito das súas funcións de control interno que obstaculicen a tramitación do expediente de aprobación de concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado "NÁUTICO PONTE DO SIL", sen prexuízo da súa inclusión nas actuacións de control financeiro posterior mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Polo exposto, a teor do artigo 59.11 do Regulamento Orgánico PROPONSE á Xunta de Goberno




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 39/74 |

**1º.-** Iniciar a tramitación dun novo procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa, mediante o outorgamento dunha concesión demanial, que permitirá a explotación do inmoble provincial denominado Náutico Ponte do Sil.

**2º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso.

**3º.-** Proceder á convocatoria pública e exposición das bases que regularán o presente procedemento de concesión demanial".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA RELATIVA Á TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO MAZO DE SANTA COMBA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Tendo en conta a finalización da ocupación privativa do dominio público provincial denominado Mazo de Santa Comba por cumprimento do prazo do outorgamento da concesión demanial establecido polo acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 17.06.22, así como das sucesivas prorrogas contidas nos acordos das sesións ordinarias da Xunta de Goberno celebradas o 05.07.24 e 27.06.25.

Tendo en conta que con data do día 05.07.26 se cumpre o prazo máximo de catro anos de duración desta concesion demanial, ao efecto da tramitación dun novo procedemento para o aproveitamento e explotación deste inmoble provincial de natureza xurídica de ben demanial e atendendo ao contido incorporado na Certificación de inscrición no Libro Inventario de Bens e dereitos provinciais, a Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio, informa con data do 10.06.26 baixo o CSV IV76ULBSKDZJ35OO2XVC4ZLEGE sobre a lexislación aplicable e determinando que o presente procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso en tanto esta Administración non pretende tanto obter unha renda económica como a finalidade de promoción e fomento da cultura galega e o turismo provincial mediante o uso e explotación do inmoble para cuxo fin redáctase o prego reitor coas condicións xerais que servirán de base para o outorgamento da citada concesión demanial, estimando todo elo adecuado á lexislación vixente, polo que pode someterse á aprobación da Xunta de Goberno.

O prego de condicións que han de rexer o concurso para a concesión demanial deste inmoble provincial de dominio publico forma parte do expediente asinado con data do 10.06.26 baixo o CSV IV76ULKSBFFK55FM7V5NEPX6KM.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 40/74 |

A Intervención Provincial con data do 11.06.26 baixo o CSV V76WX3L2BM5ZGNK2FUGMQZ66E emite informe no que conclúe que on existen consideracións no ámbito das súas funcións de control interno que obstaculicen a tramitación do expediente de aprobación de concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado "MAZO DE SANTA COMBA", sen prexuízo da súa inclusión nas actuacións de control financeiro posterior mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Polo exposto, a teor do artigo 59.11 do Regulamento Orgánico PROPONSE á Xunta de Goberno

**1º.-** Iniciar a tramitación dun novo procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa, mediante o outorgamento dunha concesión demanial, que permitirá a explotación do inmoble provincial denominado MAZO DE SANTA COMBA.

**2º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso.

**3º.-** Proceder á convocatoria pública e exposición das bases que regularán o presente procedemento de concesión demanial".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA RELATIVA Á TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO NÁUTICO DE PORTOMARÍN.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Tendo en conta a finalización da ocupación privativa do dominio público provincial denominado Náutico de Portomarín por cumprimento do prazo do outorgamento da concesión demanial establecido polo acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 20.01.23.

Tendo en conta que con data do día 15.02.25 cumpriuse o prazo inicial de dous anos de duración desta concesion demanial sen que se exercieran as prórrogas previstas, ao efecto da tramitación dun novo procedemento para o aproveitamento e explotación deste inmoble provincial de natureza xurídica de ben demanial e atendendo ao contido incorporado na Certificación de inscrición no Libro Inventario de Bens e dereitos provinciais, a Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio, informa con data do 10.06.26 baixo o CSV IV76VUK5JT77JDWLCVYXL5SAF4 sobre a




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 41/74 |

lexislación aplicable e determinando que o presente procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso en tanto esta Administración non pretende tanto obter unha renda económica como a finalidade de promoción e fomento da cultura galega e o turismo provincial mediante o uso e explotación do inmoble para cuxo fin redáctase o prego reitor coas condicións xerais que servirán de base para o outorgamento da citada concesión demanial, estimando todo elo adecuado á lexislación vixente, polo que pode someterse á aprobación da Xunta de Goberno.

O prego de condicións que han de rexer o concurso para a concesión demanial deste inmoble provincial de dominio publico forma parte do expediente asinado con data do 10.06.26.baixo o CSV IV76VUKSZYO6J7Z35UGSENQTIU.

A Intervención Provincial con data do 11.06.26 baixo o CSV IV76WUDTPD6I5CEY65FEF4HUD4 emite informe no que conclúe que non existen consideracións no ámbito das súas funcións de control interno que obstaculicen a tramitación do expediente de aprobación de concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado “CLUB NÁUTICO PORTOMARÍN”, sen prexuízo da súa inclusión nas actuacións de control financeiro posterior mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Polo exposto, a teor do artigo 59.11 do Regulamento Orgánico PROPONSE á Xunta de Goberno

**1º.-** Iniciar a tramitación dun novo procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa, mediante o outorgamento dunha concesión demanial, que permitirá a explotación do inmoble provincial denominado Náutico de Portomarín.

**2º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso.

**3º.-** Proceder á convocatoria pública e exposición das bases que regularán o presente procedemento de concesión demanial”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 13.- PROPOSTA RELATIVA Á TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO AREA RECREATIVA OS ROBLES.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta a finalización da ocupación privativa do dominio público provincial da área recreativa denominada Os Robles por cumprimento do prazo do outorgamento da concesión demanial establecido polo acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 02.09.22, así como da prorroga contida na




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 42/74 |

Resolución da Presidencia do 26.09.25 da que deuse conta á Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o 03.10.25.

Tendo en conta que con data do día 27.09.26 se cumpre o prazo máximo de catro anos de duración desta concesion demanial é polo que ao efecto da tramitación dun novo procedemento para o aproveitamento e explotación deste inmoble provincial de natureza xurídica de ben demanial e atendendo ao contido incorporado na Certificación de inscrición no Libro Inventario de Bens e dereitos provinciais, a Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio, informa con data do 10.06.26 baixo o CSV IV76VWP5FU6STHUS25GGNYCBAY sobre a lexislación aplicable e determinando que o presente procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso en tanto esta Administración non pretende tanto obter unha renda económica como a finalidade de promoción e fomento da cultura galega e o turismo provincial mediante o uso e explotación do inmoble para cuxo fin redáctase o prego reitor coas condicións xerais que servirán de base para o outorgamento da citada concesión demanial, estimando todo elo adecuado á lexislación vixente, polo que pode someterse á aprobación da Xunta de Goberno.

O prego de condicións que han de rexer o concurso para a concesión demanial deste inmoble provincial de dominio publico forma parte do expediente asinado con data do 10.06.26 baixo o CSV IV76VUJNPLZTSX4CAHWSNYTGOI.

A Intervención Provincial con data do 10.06.26 baixo o CSV IV76WQAZZ36P5VN2CR4CKLQEIM emite informe no que conclúe que non existen consideracións no ámbito das súas funcións de control interno que obstaculicen a tramitación do expediente de aprobación de concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado Área Recreativa “OS ROBLES “, sen prexuízo da súa inclusión nas actuacións de control financeiro posterior mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Polo exposto, a teor do artigo 59.11 do Regulamento Orgánico PROPONSE á Xunta de Goberno

**1º.-** Iniciar a tramitación dun novo procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa, mediante o outorgamento dunha concesión demanial, que permitirá a explotación do inmoble provincial denominado ÁREA RECREATIVA OS ROBLES.

**2º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 43/74 |

**3º.-** Proceder á convocatoria pública e exposición das bases que regularán o presente procedemento de concesión demanial".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS, EN EXECUCIÓN DO PROGRAMA "O QUE NON ARDE", 2026.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"En relación coa convocatoria e bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa "O que non arde", na anualidade 2026, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe do seguinte teor:

"ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Tal e como recoñece a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións:
"Unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través das subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas e privadas.
(...).
A austeridade no gasto corrente, a mellor selección das políticas poñendo o énfase nas prioridades de gasto, así como o incremento do control e da avaliación, reduciron paulatinamente as necesidades de financiación do sector público e ampliaron as posibilidades financeiras do sector privado, con efectos dinamizadores sobre a actividade, o crecemento, o desenvolvemento económico, e sobre a creación de emprego.
(...).
Un dos principios que rexe a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, (...), é o da transparencia. (...).
Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.
Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.
Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 44/74 |

financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións con as previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.
En cumprimento deste mandato, a Deputación Provincial de Lugo aprobou, por Acordo da Xunta de Goberno do 23 de xaneiro de 2026, o Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 (PES).
Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do PES, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.
Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, das finalidades de:

• Mantemento da superficie agraria útil e a recuperación de zonas de monte abandonadas ou improdutivas, con axudas para o fomento de roza ou xestión sostible con especies leñosas autóctonas, labores de pastoreo, aproveitamento silvopastoril ou similares, que reduzan ao mínimo os riscos de lumes a causa da elevada biomasa por abandono dos nosos montes.
• Apoio directo ás comunidades de montes veciñais en man común.
• Fomento do cumprimento da normativa en materia de ordenación dos arboredos e da mellora das superficies forestais.
• Apoio ás asociacións para a xestión destas superficies en común.
• Redución do risco de incendios forestais por medio de accións que promovan unha maior utilización do monte, coa realización de labores de prevención e infraestruturas de defensa, tales como as faixas de protección.

Segundo.- Consonte á Base 24ª.3, das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2026, a xestión e concesión de subvencións deberá realizarse de acordo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Terceiro.- Tendo en conta o anterior, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, promóvese a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a través do Programa, "O que non arde", de apoio ao fomento de boas prácticas de silvopastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, para o cal se redactan as súas bases reguladoras, e se elaboran os anexos que constitúen os seus modelos normalizados de solicitude e xustificación.
As ditas bases inclúen a motivación desta acción de fomento nos termos da súa exposición de motivos:
"A gandería extensiva é de suma importancia para salvagardar a riqueza natural dunha cuarta parte da superficie terrestre do planeta". Nestes termos se expresa o



| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 45/74 |

informe “Pastoralismo e economía verde: un nexo natural?” realizado polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) e a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN).

Deste xeito, parte dos beneficios para o medio rural baséanse en que, ao aproveitar os recursos naturais existentes nos montes onde pasta o gando, requírese moi pouca achega de enerxía, xa que, en ocasións, con 0,1 QX ou menos obtense 1 QX de alimento na mesa do consumidor. Iso convértea na gandería con maior eficiencia enerxética global. Tamén está demostrado que un pastoreo equilibrado secuestra máis carbono que o sobre-pastoreo ou a ausencia del.

Por outra banda, os animais adoitan pacer por lugares sen moita afluencia humana, onde os bosques non teñen mantemento como hai séculos. Neste senso, son moitos os estudos que confirman que os sistemas de silvopastoreo e gandería extensiva comportan múltiples beneficios fundamentais para os ecosistemas.

Asemade, os agricultores e pastores galegos poden dar fe de que o pastoreo no bosque axuda indirectamente a combater os incendios, xa que observan que o comportamento do lume cambia nas zonas onde existe menor densidade de combustible vexetal, por ser lugares onde pacían rabaños de diversas especies gandeiras.

Galicia é, sen dúbida, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa, exercendo a provincia de Lugo un papel fundamental como elemento tractor dentro deste sector. Do mesmo xeito, os sectores gandeiro e agrícola constitúense en elementos clave no desenvolvemento do territorio e da sociedade.

Por elo, ao obxecto de artellar políticas e plans que permitan facer fronte ás ameazas contra o medio rural, é preciso dar atención ás necesidades dos produtores, emprendedores e poboadores do rural, así como ás prácticas levadas a cabo con éxito por eles mesmos e polos nosos antepasados, que contribuíron e contribúen á preservación da nosa riqueza natural ata o día de hoxe.

Porén, as poboacións dalgunhas especies silvestres, coma o lobo, están ocasionando, con máis frecuencia, que os aproveitamentos silvopastorís e a produción gandeira en extensivo se vexan afectados negativamente.

Para evitar estes danos é necesario artellar un conxunto de medidas que faciliten a convivencia da fauna salvaxe cun aproveitamento multifuncional do monte que permita a preservación do medio rural e a súa protección fronte ás múltiples ameazas existentes.

Tendo en conta que a política de defensa do medio rural, pola súa vital importancia para o país, non pode ser aplicada de forma illada, senón integrándose nun contexto máis amplo de planificación do territorio e de desenvolvemento rural, é preciso o compromiso de todas as Administracións, das persoas propietarias de terreos forestais, das agricultoras e agricultores, das comunidades de montes veciñais en man común, das asociacións de veciños, da sociedade do medio rural e, en xeral, do conxunto da cidadanía.

Ademais, a loita contra as ameazas para os pastores e gandeiros demanda a existencia dun modelo activo, dinámico e integrado, encadrando nunha lóxica de medio e longo prazo os instrumentos dispoñibles, procurando a organización da xestión de biomasa en zonas estratéxicas, unido ao tratamento de áreas forestais, nun esquema de intervención, segundo modelos silvícolas previamente establecidos no ámbito das




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 46/74 |

dúas dimensións que se complementan: a defensa de persoas e bens, e a defensa dos montes.
Por outra banda, tamén resulta indispensable ampliar os esforzos de educación, sensibilización, divulgación e extensificación agro-forestal para a defensa do medio rural.
Deste xeito, a Liña 13.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo para os anos 2026 a 2028, ten por obxectivo estratéxico "contribuír á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a través da promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro, como sectores estratéxicos da economía da provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais", e aposta, entre outros obxectivos específicos, polo "fomento da concienciación ambiental e a agricultura, gandería e pesca sustentables; fomento da diversificación produtiva e promoción e difusión das pequenas producións dos nosos montes [...] como o aproveitamento silvopastoril con gandería extensiva: cabalar, vacún, ovina, cabrúa, porcina, etc.; programas de mantemento da superficie agraria útil e recuperación de zonas de monte abandonadas ou improdutivas, con axudas para o fomento da roza ou xestión sostible con especies leñosas autóctonas, labores de pastoreo, aproveitamento silvopastoril ou similares que reduzan ao mínimo os riscos de lumes a causa da elevada biomasa por abandono dos nosos montes".
Polo exposto, dende a Área de Medio Rural, Mar e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, ponse en marcha, no ano 2026, unha nova edición do Programa "O que non arde", para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que permitan a redución dos niveis de biomasa existente.
Por todo o anterior, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias que esta ten atribuídas polo artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local, procede á publicación do texto íntegro da convocatoria e bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa "O que non arde", na anualidade 2026, así como dos anexos para a súa solicitude e xustificación, que serán de uso obrigatorio polos interesados".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación
Ás subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse, en aplicación do disposto no artigo 3 da Ordenanza Xeral de Subvencións da dita entidade, por:
- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (RLXS).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 47/74 |

- A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 9, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 38, do 15 de febreiro do 2024- (OXS)
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- As Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo -publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020- (RODPL).
- As restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

II. As Bases reguladoras das subvencións
Consonte ao artigo 2.1 da LXS:
"Enténdese por subvención, aos efectos desta lei, toda disposición de diñeiro realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 desta lei, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:
a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.
c) Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública".
Tendo encaixe neste concepto de subvención as axudas reguladas nas Bases cuxa aprobación se informa, cómpre ter en conta que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na LXS, tal e como estable o artigo 9.2 da dita Lei.
Estes termos, aos que se refire o citado artigo, son, en primeiro lugar, os previstos no apartado 2 do artigo 17 da mesma LXS, consonte ao cal:
"As bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións".
A estes efectos, a Deputación de Lugo aprobou a súa Ordenanza Xeral de Subvencións (publicada no BOP de Lugo nº 9, do 11 de xaneiro de 2024), con modificación publicada no BOP nº 38, do 15 de febreiro do 2024.
Con todo, ao meu xuízo, o dito artigo 17.2 da LXS non pode ser interpretado de xeito restritivo, no sentido de que as bases reguladoras das subvencións só poidan adoptar a forma de ordenanza, ben xeral ben específica, e elo polas seguintes razóns:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 48/74 |

1) Dada a gran variedade de tipos de subvencións que se outorgan polas entidades locais, derivado da amplitude de actividades e servizos que constitúen a execución das súas competencias, non resulta doado reconducilas todas a unha ordenanza xeral; e o ditado de ordenanzas específicas para cada tipo ou modalidade de subvención pode dar lugar a unha inflación ordenancista.
2) O citado artigo 17.2 da LXS non ten carácter básico, en virtude do establecido na disposición final primeira da dita lei; e a Comunidade Autónoma de Galicia ten asumidas competencias en materia de réxime local.
Por elo, a redacción do devandito artigo 17.2 da LXS terá que poñerse en relación co establecido no artigo 14.1 da LSG, que establece que "os órganos que as concedan establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión".
En definitiva, a especificidade das subvencións a outorgar en execución do Programa "O que non arde" esixe a aprobación dunhas bases reguladoras específicas para aquelas, e que, sen forma de ordenanza, desenvolvan a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, detallando as súas particularidades.
Por outra banda, da conxunción do disposto nos citados artigos 17.2 da LXS e 14.1 da LSG, podemos concluír que as bases reguladoras aplicables á concesión conterán, como mínimo, os seguintes extremos:
a) Definición precisa do obxecto da subvención.
b) Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención e, no seu caso, dos membros das entidades contempladas no apartado 2 e segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8, prazo e forma de acreditalos e prazo e forma nos que deben presentarse as solicitudes.
c) Criterios obxectivos de adxudicación da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos.
d) Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación.
e) Procedemento de concesión da subvención.
f) Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión e prazo no que será notificada a resolución.
g) Composición, no seu caso, do órgano colexiado avaliador previsto no artigo 21 da presente lei.
h) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ou a axuda pública e da aplicación dos fondos percibidos.
i) No suposto de prever a posibilidade de realizar abonos a conta e anticipados, prazos, modo de pago e réxime particular de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios, así como aquelas outras medidas de garantía a favor dos intereses públicos que poidan considerarse precisas.
j) Obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 49/74 |

k) Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
l) No seu caso, condicións de solvencia e eficacia que teñan que reunir as entidades colaboradoras.
m) Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condición tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.
n) Criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente haxa de percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.
o) Información aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, deberán contemplar a posibilidade de que os interesados fagan constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da presente lei.
p) Expresión dos recursos que procedan contra a resolución da concesión, con indicación do órgano administrativo ou xudicial ante o que teñan que presentarse, prazo para interpoñelos e demais requisitos esixidos pola normativa xeral de aplicación.
q) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
As Bases obxecto deste informe integran estes extremos, cumprindo, polo tanto, os requisitos legalmente esixidos.
Con todo, é criterio desta entidade o de denominar, ás normas reguladoras das subvencións, Bases canalizadoras, polo que, as Bases que aquí se informan correspóndese con esa denominación.

III. Convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva
En relación coa convocatoria das subvencións, o carácter non básico do Capítulo II do Título I da LXS obriga a ter en conta o establecido no artigo 20 e seguintes da LSG. Consonte ao primeiro:
"1. O procedemento para a concesión de subvencións iníciase de oficio, no caso da concesión en réxime de concorrencia competitiva, (...).
2. A iniciación de oficio realizarase sempre mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido neste capítulo e de acordo cos principios da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terá necesariamente o seguinte contido:
a) Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que está publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 50/74 |

b) Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.
c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.
d) Expresión do réxime en que se efectuará a concesión.
e) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditalos.
f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.
g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 3 deste artigo.
h) Prazo de resolución e notificación.
i) Documentos e informacións que deben achegarse á petición.
j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 25 da presente lei.
k) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que se interpoñerá recurso de alzada.
l) Criterios de valoración das solicitudes, no seu caso. Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para as que se solicita a axuda.
m) Prazo de xustificación da subvención.
n) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. As solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, (...).
(...).
5. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixera teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución (...)".
No caso que nos ocupa, a convocatoria cumpre estas esixencias, matizando que non se prevé a reformulación de solicitudes posto que os eventuais remanentes distribuiranse de conformidade cos criterios establecidos nas propias bases reguladoras das subvencións.

IV. Requisitos para o outorgamento de subvencións
Adicionalmente, consonte aos artigos 9.4 da LXS e 6.4 da LSG, o outorgamento dunha subvención debe cumprir os seguintes requisitos:
"a) A competencia do órgano administrativo concedinte.
b) A existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 51/74 |

c) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.
d) A fiscalización previa dos actos de contido económico, no termos previstos no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
e) A aprobación do gasto polo órgano competente".
Neste senso, a Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2026 establece que "o órgano competente para aprobar as bases da convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente".
No expediente consta certificación, emitida pola Sección de Orzamentos do Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente, nas correspondentes aplicacións orzamentarias, para a autorización dos gastos que se deriven da resolución do procedemento de concesión das subvencións.
En canto á tramitación do procedemento de concesión, resulta de aplicación o establecido no Capítulo II do Título I da LSG, e na Sección 1ª do Capítulo III da OXS, cuxa regulación se cumpre plenamente na convocatoria e bases obxecto deste informe.

V. Competencia da Deputación para a convocatoria das subvencións
En canto á competencia da Deputación de Lugo que lexitima a convocatoria destas subvencións, cómpre ter en conta o establecido no artigo 36.1 da LRBRL, consonte ao cal:
"Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:
(...).
d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. "
A propia Constitución, no seu artigo 130, fai referencia ao problema que se trata de liquidar a través desta convocatoria de subvencións, ao establecer que:
1. Os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía, a fin de equipar o nivel de vida de todos os españois.
2. Co mesmo fin, dispensarase un tratamento especial ás zonas de montaña".
Pola súa banda, en relación coa lexislación sectorial que atribúe competencias ás entidades locais, a Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, establece, no seu artigo 2, como obxectivos xerais da mesma, entre outros:
a) Manter e ampliar a base económica do medio rural mediante a preservación de actividades competitivas e multifuncionais, e a diversificación da súa economía coa incorporación de novas actividades compatibles cun desenvolvemento sostible.
(...).




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 52/74 |

c)Conservar e recuperar o patrimonio e os recursos naturais e culturais do medio rural a través de actuacións públicas e privadas que permitan a súa utilización compatible co desenvolvemento sostible.
2. En particular, as políticas de desenvolvemento rural sostible das Administracións Públicas que se deriven desta Lei deberán orientarse á consecución dos obxectivos seguintes:
(...).
e) Lograr un alto nivel de calidade ambiental no medio rural, prevendo o deterioro do patrimonio natural, da paisaxe e da biodiversidade, ou facilitando a súa recuperación, mediante a ordenación integrada do uso do territorio para diferentes actividades, a mellora da planificación e da xestión dos recursos naturais e a redución da contaminación nas zonas rurais".
Asemade, a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece, no seu artigo 8, que "as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medio materiais, económicos e humanos á súa disposición nos termos da presente lei".

VI. Xustificación das contías das axudas reguladas nas Bases e na convocatoria que se informa
A Base 5 das reguladoras das subvencións refírese ás contías das subvencións e á súa compatibilidade con outras axudas.
No que á xustificación das súas contías se refire, tendo en conta os prezos de mercado de pastores eléctricos, elementos de alimentación, mallas electrificadas, colares intelixentes, pasos canadenses e demais elementos integrantes dos sistemas de peche precisos para o axeitado manexo do gando no exterior, así como o tamaño medio e as características territoriais das explotacións gandeiras que levan a cabo o aproveitamento multifuncional do monte con especies gandeiras na provincia de Lugo, dende este centro xestor estímase que unha contía de 12.000 € por explotación servirá para que cada unha delas poida cubrir as necesidades financeiras anuais derivadas do establecemento de sistemas eficaces que permitan levar a cabo a xestión da biomasa do monte e, asemade, protexer ao gando dos ataques do lobo e doutra fauna salvaxe, permitindo aos gandeiros levar a cabo unha correcta rotación e manexo da súa cabana en extensivo.

Polo exposto, informo favorablemente:

1º.- A aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa "O que non arde", na anualidade 2026, dotado con 400.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2026.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 53/74 |

2º.- A aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións.
3º.- A aprobación dos modelos de solicitude e xustificación das devanditas subvencións.
4º.- A publicación da citada convocatoria e bases canalizadoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación".
5º.- A aprobación do gasto, por importe de 400.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026".

No expediente consta certificación de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por contía de 400.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789 do vixente Orzamento Xeral, emitida pola Sección I de Orzamentos do Servizo de Contabilidade e Contas.

Consta, ademais, informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, sobre as Bases que rexerán a citada convocatoria e os modelos de solicitude das subvencións.

Á vista das actuacións precedentes, o Servizo de Fiscalización informou favorablemente o expediente o 11 de xuño de 2026.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes Acordos:

**1º.-** Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa "O que non arde", na anualidade 2026, dotado con 400.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2026.

**2º.-** Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións.

**3º.-** Aprobación dos modelos de solicitude e xustificación das devanditas subvencións.

**4º.-** A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación.

**5º.-** A aprobación do gasto, por importe de 400.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 54/74 |

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de seiscentos oitenta e seis euros (686,00 €) a CLUB PADEL BURELA para PADEL; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025, emite o seguinte, INFORME:

Primeiro. Que o CLUB PADEL BURELA presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 25/05/26 11:19 e numero de expediente 2026/CCP_01/001460 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2025, concedida para PADEL, por acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xullo de 2025.

Segundo. Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo do día 28 de febreiro de 2025, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:
ANEXO I: Instancia de conta xustificativa.
ANEXO II: Memoria detallada actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre a realización da actividade e do cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade, incidencia social, competición/s na/s que se participou, categorías deportivas, datos deportivos da actividade, resultados obtidos, etc...
• Cadro de importes de financiamento.
• Declaración do custo total da actividade subvencionada.
• Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.
ANEXO III: Declaración responsable relativa a:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 55/74 |

Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.
I. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.
II. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
III. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
IV. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).
V. Que o beneficiario ao que represento:
- asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)" dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- non asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)"dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
VII. Que incluíu a imaxe corporativa da área de deportes da Excma. Deputación Provincial e empregou o idioma galego en calquera comunicación ou publicación e en todos aqueles soportes que a entidade utilizou para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.
VIII. Que no desenvolvemento da actividade non incluíu contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se puidesen considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.
IX. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
X. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.
ANEXO IV:
Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 56/74 |

No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.
OUTRA DOCUMENTACIÓN
• Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:
- Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.
- Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:
. Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.
. Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.
. Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.
No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.
- No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.
• Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.
A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 57/74 |

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión "Recibín en efectivo na data ________", asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).
Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.
Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).
A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.
• Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.
A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións).
• Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).
• O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.
No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 58/74 |

Terceiro. Que revisada a documentación xustificativa, con data 25/05/2026 14:20 e número de rexistro de saída 2026RPS008040, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:

• ANEXO IV RELACIÓN CLASIFICADA E IMPUTACIÓN DE GASTOS.

◦ O NIF da entidade beneficiaria é incorrecto.

◦ O orzamento presentado na solicitude de subvención contiña os seguintes conceptos de gasto: licenzas (260 €), material deportivo non inventariable (100 €), vestimenta deportiva (1142 €), contratación de servizos de consultoría de protección de datos (78 €), polo que deberá relacionar ditos gastos no anexo 4.

◦ Logo de emendar a relación de gastos deberá emendar o custo total, o anexo I, e o anexo II, puntos II e III.

◦ Nas columnas de imputación (porcentaxe e importe) soamente deberá indicar facturas polo importe da subvención concedida.

• ANEXO I INSTANCIA.

◦ Non se indica a anualidade (2025)

◦ Non se indica a cantidade solicitada (1.501,00 €)

◦ Non se indica o custo total da actividade.

• ANEXO II MEMORIA XUSTIFICATIVA.

◦ O NIF da entidade beneficiaria é incorrecto.

◦ Non se indica a denominación da actividade (PADEL)

◦ Características: debe indicar as categorías nas que compite

◦ Obxectivos: debe indicar os obxectivos da actividade

◦ Descrición das actividades realizadas: debe indicar as competicións de carácter federado nas que participaron

◦ Cadro de financiamento:

▪ Non se indica a subvención concedida (686,00 €)

▪ Logo de emendar a relación de gastos deberá modificar os puntos II e III

◦ Punto III:

▪ Non se indica o orzamento (1.580,00 €)

▪ Debe indicar a causa da desviación tendo en conta os conceptos e importes indicados no orzamento presentado na solicitude de subvención (anexo 3)

• ANEXO III DECLARACIÓN RESPONSABLE.

◦ O NIF da entidade beneficiaria é incorrecto.

◦ Solicitase aclaración relativa á subvención concedida pola Deputación Provincial de 1580 €

◦ Non indica si ten achegas non económicas.

◦ Non se indica si autoriza á Deputación Provincial a solicitar os certificados das distintas administracións publicas.




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 59/74 |

◦ Non indica si asume o IVE.
• Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención (actual)
• Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación.

Cuarto. Que en aplicación do artigo artigo 41.1, da Lei 39/2015, que prevé que as notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía, consta no expediente electrónico o envío de notificación de emenda de conta xustificativa de data 25/05/2026 14:20, rexeitada automaticamente con data 05/06/2026 00:10:10.

Visto que ao abeiro das bases da convocatoria se procedeu ao tramite de requirimento da conta xustificativa previsto no punto 12º , no que se advertía que a falta de presentación de xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención e, tamén ao reintegro da contía anticipada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, de conformidade con canto se establece na Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003. do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Visto o regulado no artigo 89 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no que se sinala que se producirá a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de Subvencións, e asi mesmo que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o menos que para o de reintegro de subvención, establecido no artigo 42 da Lei xeral de Subvencións, e o previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Visto o previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, na que se prevé que na declaración de perda de dereito ou ben o reintegro das cantidades percibidas deberá tramitarse o correspondente procedemento con audiencia do interesado.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos, procede tramitar o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia en relación ao cobro total da subvención concedida a CLUB PADEL BURELA por importe de seiscentos oitenta e seis euros (686,00 €) para PADEL, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 60/74 |

competitiva na anualidade 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Iniciar o procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

**2º.-** En cumprimento do antedito, do regulado no art. 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificar ao beneficiario CLUB PADEL BURELA, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de mil trescentos un euros (1.301,00 €) a CLUB DE MONTAÑISMO LUCUS AUGUSTI para ESPELEOLOXIA; mediante acordo




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 61/74 |

da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025, emite o seguinte, INFORME:

Primeiro. Que o CLUB DE MONTAÑISMO LUCUS AUGUSTI presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 30/03/26 02:43 e numero de expediente 2026/PES_03/006538 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2025, concedida para ESPELEOLOXIA, por acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xullo de 2025.

Segundo. Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo do día 28 de febreiro de 2025, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:
ANEXO I: Instancia de conta xustificativa.
ANEXO II: Memoria detallada actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre a realización da actividade e do cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade, incidencia social, competición/s na/s que se participou, categorías deportivas, datos deportivos da actividade, resultados obtidos, etc...
• Cadro de importes de financiamento.
• Declaración do custo total da actividade subvencionada.
• Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.
ANEXO III: Declaración responsable relativa a:
Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.
I. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.
II. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
III. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
IV. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).
V. Que o beneficiario ao que represento:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 62/74 |

- asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)" dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- non asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)"dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
VII. Que incluíu a imaxe corporativa da área de deportes da Excma. Deputación Provincial e empregou o idioma galego en calquera comunicación ou publicación e en todos aqueles soportes que a entidade utilizou para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.
VIII. Que no desenvolvemento da actividade non incluíu contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se puidesen considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.
IX. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
X. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.
ANEXO IV:
Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.
No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.
OUTRA DOCUMENTACIÓN
• Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:
- Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.
- Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:
. Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 63/74 |

. Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.
. Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.
No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.
- No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.
• Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.
A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.
Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data ________”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).
Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.
Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).
A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.
• Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.
A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 64/74 |

subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións).

• Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).

• O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Terceiro. Que revisada a documentación xustificativa, con data 09/04/2026 11:30 e número de rexistro de saída 2026RPS005273, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:

ANEXO IV RELACIÓN CLASIFICADA E IMPUTACIÓN DE GASTOS.

No punto 1 non se indica a disciplina (ESPELEOLOXIA)

Na relación de gastos aparecen os seguintes gastos non subvencionables: recibos de desprazamentos, polo que deberá modificar o anexo. Logo de emendar a relación de gastos deberá emendar o custo total, o anexo I, e o anexo II, puntos II e III.

Nas columnas de imputación (porcentaxe e importe) soamente deberá indicar facturas polo importe da subvención concedida.

ANEXO I INSTANCIA.

A cantidade solicitada é incorrecta (1301,70 €)




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 65/74 |

Logo de modificar a relación de gastos deberá emendar o custo total.
ANEXO II MEMORIA XUSTIFICATIVA.
Nivel de logros: debe indicar os resultados deportivos.
Punto II
A base e o custo total son incorrectos (1146,83 € e 1234,79 €)
Cadro de financiamento:
Procede aplicar unha redución na subvención concedida

| FINANCIAMENTO | IMPORTE |
|---|---|
| Fondos propios de __________ (5 % como mínimo) | 61,74 |
| Achega da Excma. Deputación Provincial de Lugo (axuda) | 1173,05 |
| Subvención de outras Administracións Públicas | |
| Outras fontes de financiamento (_____________) | |
| SUMA (CUSTO TOTAL) | 1234,79 |

Punto III:
O custo total é incorrecto (1234,79 €) polo que a desviación é 211,51 €
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
Relación 11 relativa á factura 21/2025 de 07/01/2025 da Federación Galega de Espeleoloxía de 336,00 €

Cuarto. Visto que consta recepción electrónica do requirimento da conta xustificativa asinada por parte do beneficiario de data 19/04/2026 11:43:43.

Quinto. Que con data 28/04/2026 15:10:19 e número de expediente 2026/PES_03/006538, e por tanto dentro do prazo de 10 días previsto no referido requirimento, a entidade CLUB DE MONTAÑISMO LUCUS AUGUSTI presentou documentación relativa ao requirimento de emenda de conta xustificativa formulado.

Sexto. Da documentación presentada e da sua revisión, detectase que a entidade beneficiaria en relación co requirimento formulado respecto da ausencia de resultados deportivos, formula ANEXO II (memoria xustificativa) na que indica expresamente:
Na disciplina deportiva de espeleoloxía non se chaman competicións, chámanse Campamentos, os nosos equipos participaron nos seguintes:
Exploración Mina Consuelo, (Catro niveis de profundidade) – A Pontenova
I Encontro de Canons da Federación Galega de Espeleoloxía
6º Campamento Galego de Veteráns da Federación Galega de Espeleoloxía
XXVI Campamento Galego Extraterritorial de Espeleoloxía da Federación Galega de Espeleoloxía
LVIII Campamento Galego de Espeleoloxía da Federación Galega de Espeleoloxía
Todos eles do calendario oficial do ano 2025 da Federación Galega de Espeleoloxía
Realízanse exploracións, instalacións de ancoraxes e topografías de cavidades descubertas nese campamento, entre os distintos equipos de clubs participantes tamén apréndense e intercámbianse novas técnicas de progresión vertical, seguridade, exploración, saúde e prevención de accidentes, etc., todo elo durante as




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 66/74 |

exploracións. Os logros obtidos son mellora de coñecementos nos temas descritos anteriormente.
En resume, a Espeleoloxía como tal e unha mestura de Deporte-Ciencia e Natureza.
Da análise do documento formulado, e á vista do declarado, constatase que a actividade desenvolta pola entidade beneficiaria non tería carácter competitivo e que en consecuencia non quedaría acreditado o requisito recollido no punto 3 das bases da convocatoria que determina que a actividade a desenvolver será a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas recoñecidas polo Consello Superior de Deportes.

Sétimo. Que por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de maio de 2026 se acorda o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e presentar as alegacións que considere oportunas.

Oitavo. Que con data 19/05/2026 13:11 e numero de rexistro de saída 2026RPS007783 e de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificouse o referido acordo de Xunta de Goberno de 15 de maio de 2026 de apertura do trámite de audiencia, para que no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción presentase as alegacións que considere oportunas, e do que consta recepción electrónica asinada por parte do beneficiario de data 20/05/2026 17:57:05.

Noveno. Que transcorrido o prazo previsto no referido requirimento non consta no servizo de Deportes a presentación de documentación e/ou alegacións polo beneficiario CLUB DE MONTAÑISMO LUCUS AUGUSTI no referido prazo de tramite de audiencia.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a CLUB DE MONTAÑISMO LUCUS AUGUSTI por importe de mil trescentos un euros (1.301,00 €) para ESPELEOLOXIA, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 67/74 |

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- PROPOSTA DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DUNHA MÉDICA ESPECIALISTA MEDICINA DO TRABALLO, QUE OCUPA O POSTO DE "XEFE/A SERVIZO IV PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS", CON CARÁCTER DEFINITIVO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que D.ª Ana María Abel Longarela nacida o día 23 de setembro de 1959, Médica Especialista Medicina do Traballo, que ocupa o posto de "Xefe/a Servizo IV Prevención Riscos Laborais", con carácter definitivo, presentou escrito o pasado 30 de marzo de 2026, no que solicita a prolongación de permanencia no servizo activo e que a Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo e a Presidenta da Deputación prestaron a súa conformidade.

Considerando que en data 27 de abril de 2026, a petición do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, D.ª Ana María Abel Longarela emite informe das funcións que realiza en calidade de Médico de Empresa e Xefa do Servizo de Prevención e Riscos Laborais da Deputación, do teor seguinte:

"Cas funcións desempeñadas no posto enmárcanse dentro da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.
O posto de Médico de Empresa e Xefa do Servizo de Prevención ten carácter técnico, sanitario, preventivo, organizativo e asesor.
A sua finalidade principal é contribuír á protección da seguridade e saúde do persoal o servizo da Administración, mediante a planificación, coordinación, execución e seguimento da actividade preventiva.
Funcions como Médico de Empresa
Na condición de médico responsable da actividade sanitaria preventiva, desenvolvese as seguintes funcións:
1.1. Vixilancia da saúde.
Coordinación da vixilancia periódica do estado de saúde do persoal empregado público en función dos riscos inherentes o posto de traballo.
En particular, comprende:
- Recoñecementos médicos iniciais, periódicos, tras ausencias prolongadas por motivos de saúde, por cambio de posto o por exposición a riscos específicos.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 68/74 |

-Aplicación de protocolos sanitarios específicos en función dos riscos laborais detectados.
-Emisión de conclusións preventivas sobre aptitude, aptitude con limitacións, necesidade de adaptación o recomendacións preventivas.
- Detección precoz de danos derivados del traballo.
- Seguimento sanitario de colectivos especialmente sensibles.
1.2. Protección de traballadores especialmente sensibles.
Valoración de situacións de especial sensibilidade, discapacidade, embarazo, lactancia, idade, patoloxías previas o limitacións funcionais que podan requirir adaptación do posto de traballo, cambio de tarefas ou medidas preventivas específicas.
1.3. Avaliación sanitaria de riscos laborais.
Colaboración cas restantes disciplinas preventivas —Seguridade no Trabajo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada— na identficación, avaliación e control de riscos que podan afectar á saúde do persoal.
Esta función inclúe:
- Análise de riscos con posible impacto sanitario.
- Participación nas evacuacións de postos.
- Participación nas evacuacións de postos.
- Proposta de medidas preventivas.
- Colaboración con el SPA na valoración de riscos biolóxicos, ergonómicos, psicosociais, químicos, fsicos ou de especial exposición.
- Coordinación con técnicos de prevención na revisión de condicións de traballo.
1.4. Promoción da saúde laboral.
Deseño, impulso o partcipación nas actuacións de promoción da saúde no ámbito laboral, tales como campañas preventivas, programas de hábitos saudables, vacinacións cando proceda, prevención de patoloxías relacionadas co traballo, educación sanitaria e recomendacións de mellora das condicións de traballo.
1.5. Xestión de información sanitaria laboral.
Custodia e xestión da documentación sanitaria derivada da vixilancia da saúde, garantindo a confidencialidade dos datos médicos.
Funcións como Xefe do Servizo de Prevención
Na condición de Xefa del Servicio de Prevención, exercese funcións de dirección técnica, coordinación, planificación e seguimento da actvidade preventiva.
Entre as súas funcións principais encontrase:
1.1. Dirección e coordinación do Servicio de Prevención
Coordinación dos medios humanos, técnicos e materiais adscritos ao Servizo de Prevención, asegurando o adecuado funcionamento do mesmo e a integración das distntas disciplinas preventivas.
Esta función inclúe:
- Organización interna do Servicio de Prevención.
- Distribución e seguimento das tarefas preventivas.




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 69/74 |

- Coordinación entre o área sanitaria e o área técnica.
- Supervisión de actuacións preventivas propias o concertadas.
- Impulso de procedementos de traballo homoxéneos.

1.2. Planificación da actvidade preventiva.

Partcipación na elaboración, actualización e seguimento do Plan de Prevención de Riscos Laborais, así como na programación anual de actividades preventivas.

Entre outras actuacións, intervénse en:
- Definición de prioridades preventivas.
- Programación de recoñecementos médicos e actuacións sanitarias.
- Seguimento das avaliacións de riscos.
- Revisión de medidas correctoras.- Colaboración na elaboración de memorias ou informes de actividade preventiva.

1.3. Asesoramento á Administración.

Asesoramento a Presidencia, á Deputada delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, o Servizo de Recursos Humanos, a responsables dos centros, e unidades administrativas en materia de prevención de riscos laborais e saúde laboral.

Este asesoramento pode referirse a:
- Adaptación de postos de traballo.
- Reincorporacións tras baixa médica prolongada.
- Limitacións funcionais.
- Xestión de riscos laborais.
- Organización preventiva.
- Interpretación técnica de informes sanitarios preventivos.
- Necesidade das medidas correctoras ou preventivas.

1.4. Participación en órganos de consulta e participación.

Participación, cando proceda, no Comité de Seguridade e Saúde, reunións técnicas, comisión internas u órganos de coordinación preventiva, aportando criterio técnico e sanitario.

As funcións neste ámbito comprenden:
- Exposición de informes preventivos.
- Proposta de medidas de mellora.
- Análise de incidencias preventivas.
- Seguimento de acordos.
- Colaboración con delegados de prevención e representantes do persoal.

1.5. Investigación de danos para a saúde.

Intervención no análise de accidentes de traballo, enfermidades profesionais, enfermedades relacionadas co traballo e outros danos para a saúde que podan ter conexión cas condicións laborais.

Esta actuación inclúe:
- Valoración sanitaria de danos.
- Análise de posibles factores laborais.
-Proposta de medidas preventivas.
- Coordinación con técnicos de prevención do SPA.
- Seguimento de reincorporacións y adaptacións.

1.6. Coordinación con servizos externos e organismos competentes.




| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 70/74 |

Coordinación, cando sea necesario, do Servizo de Prevención con mutuas colaboradoras, servizos de prevención alleos, inspección sanitaria, autoridades laborais ou sanitarias, servizos públicos de saúde e outros organismos competentes.
1.7. Formación e información preventiva.
Colaboración na planificación e desenvolvemento de actividades de formación e información o persoal empregado público en materia de prevención de riscos laborais, saúde laboral, primeiros auxilios, riscos específicos, ergonomía, riscos psicosociais, procedementos de emerxencia e medidas preventivas.
Funciones documentais, técnicas e de informe O posto implica igualmente ca colaboración do SPA da elaboración, revisión ou validación de documentación preventiva e sanitaria, entre as que pódense incluír:
- Informes de aptitude laboral.
- Informes de adaptación de posto.
- Informes de especial sensibilidade.
- Informes de vixilancia colectiva da saúde.
- Memorias de actividade sanitaria.
- Programacións preventivas.
- Protocolos de actuación sanitaria.
- Informes para Recursos Humanos.
- Informes para o Comité de Seguridade e Saúde.
- Informes de valoración preventiva ante cambios organizativos, reincorporacións ou situacións de risco.

Tendo en conta que a Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, á vista do citado escrito formula proposta accedendo á solicitude de prolongación no servizo activo de D.ª Ana María Abel Longarela, polo período dun ano máis, dada a importancia do seu posto para a protección da seguridade e saúde do persoal ó servizo desta Administración

Tendo en conta as consideracións legais e técnicas que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, do seguinte teor:

"A Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

"ANEXO V
XUBILACION DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL
A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de



| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 71/74 |

incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas habidas nos últimos anos nesta materia.
Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose , en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.
b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.
c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerase, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:
1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.
2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.
Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada".

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 72/74 |

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o prevido no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.
c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.
d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, tómase en consideración a importancia do seu posto para a protección da seguridade e saúde do persoal ó servizo desta Administración e tendo en conta que tería unha mingua porcentual na base reguladora da súa pensión.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 decembro 2024 a 30 de novembro de 2025) ten acadado unha valoración de Moi Excepcional; e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, non existe constancia de absentismo inxustificado no seu expediente persoal".

Á vista de canto antecede, vistos os informes dos servizos, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido; dada a importancia do seu posto para a protección da seguridade e saúde do persoal ó servizo desta Administración e que, conforme aos datos de carreira de cotización para a continxencia de xubilacións que acredita a solicitante, tería unha mingua porcentual significativa na base reguladora da súa pensión, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 73/74 |

Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte ACORDO:

Acceder á pretensión da funcionaria, D.ª Ana María Abel Longarela, de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano máis, dende o 24 de xullo de 2026 ata o 23 de xullo de 2027".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**A PRESIDENTA**

**O SECRETARIO**




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Fecha y Hora | 16/06/2026 10:49:40 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WGSMPUNTXPZ3WRNTGBCW6I | Página | 74/74 |